



## SUBGRUPO C1-TEMA 5-Admon Electrónica-GALEGO

### TEMA 5- Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes

1. De conformidade co establecido no artigo 1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, este decreto ten por obxecto regular:

- a) O deber dos cidadáns para relacionarse electronicamente coas administracións.
- b) O establecemento de infraestruturas e servizos de interoperabilidade.
- c) A creación e o réxime xurídico da edición electrónica do *Diario Oficial de Galicia*.

2. De conformidade co establecido no artigo 2.A.e) do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, as medidas establecidas neste decreto teñen por finalidade:

- a) Procurar o acceso universal dos cidadáns aos servizos da Administración electrónica.
- b) Facilitar o acceso dos cidadáns aos servizos da Administración electrónica.
- c) Facilitar e promover o acceso dos cidadáns aos servizos da Administración electrónica nas oficinas integradas de atención á cidadanía.

3. De conformidade co establecido no artigo 2.B.d) do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, as medidas establecidas neste decreto teñen por finalidade:

- a) Posibilitar a utilización dos procedementos electrónicos dispoñibles dunha forma personalizada e directa.
- b) Posibilitar a utilización dos procedementos electrónicos dispoñibles dunha forma personalizada, directa e libre.
- c) Posibilitar a utilización dos procedementos electrónicos dispoñibles dunha forma personalizada e directa dos seus dereitos e liberdades.

4. De conformidade co establecido no artigo 2.C.a) do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, as medidas establecidas neste decreto teñen por finalidade:

- a) Contribuír á mellora do funcionamento da Xunta de Galicia e da Administración local.
- b) Incrementar a eficacia e a eficiencia da Xunta de Galicia mediante o uso das tecnoloxías da información.
- c) Contribuír á mellora interna das relacións entre a Xunta de Galicia e a Administración xeral do Estado.

5. De conformidade co establecido no artigo 2.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, as medidas establecidas neste decreto teñen por finalidade que:

- a) A Xunta de Galicia debe implantar progresivamente o uso dos medios electrónicos nas comunicacións internas.
- b) A Xunta de Galicia debe implantar inmediatamente o uso dos medios electrónicos nas comunicacións con outras administracións.
- c) A Xunta de Galicia debe implantar o uso dos medios electrónicos nas súas relacións internas e nos trámites coa cidadanía.





## **SUBGRUPO C1-TEMA 5-Admon Electrónica-GALEGO**

6. De conformidade co establecido no artigo 3.a) do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, o presente decreto será de aplicación:

- a) A todos os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e aos cidadáns.
- b) A todos os órganos e unidades da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A todas as unidades e órganos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e ás súas universidades.

7. De conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, a planificación do desenvolvemento dos servizos electrónicos das entidades previstas nas letras a) e b) do artigo 3 correspóndelle a:

- a) O Consello da Xunta de Galicia.
- b) O conselleiro con competencias en materia de función pública.
- c) O titular da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia.

8. De conformidade co establecido no artigo 6.c) do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, a Xunta de Galicia adoptará:

- a) Todas as medidas técnicas necesarias co fin de satisfacer o previsto na normativa sobre austeridade.
- b) Todas as medidas técnicas necesarias co fin de satisfacer o previsto na normativa sobre transparencia e eficiencia.
- c) Todas as medidas técnicas necesarias co fin de satisfacer o previsto na normativa sobre o uso da lingua galega.

9. De conformidade co establecido no artigo 7.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, as administracións públicas adoptarán todas as medidas necesarias cara á:

- a) Efectiva aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes.
- b) Efectiva aplicación do principio de protección da infancia.
- c) Efectiva aplicación do principio de protección da infancia e do principio de igualdade entre mulleres e homes.

10. Segundo o establecido no artigo 14 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre as formas de identificación e autenticación:

- a) Os cidadáns poderán utilizar os instrumentos de identificación previstos neste decreto.
- b) Os cidadáns poderán utilizar calquera sistema de sinatura electrónica.
- c) Os cidadáns poderán utilizar os sistemas de sinatura electrónica avanzada e os incorporados ao documento nacional de identidade.





## **SUBGRUPO C1-TEMA 5-Admon Electrónica-GALEGO**

11. Segundo o establecido no artigo 15.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a sinatura electrónica:

- a) A presentación dun documento electrónico por medio do Rexistro Electrónico requirirá, con carácter xeral, a sinatura electrónica do solicitante.
- b) A presentación dun documento electrónico por medio do Rexistro Electrónico requirirá, en todo caso, a sinatura electrónica do solicitante.
- c) A presentación dun documento electrónico por medio do Rexistro Electrónico requirirá a sinatura electrónica.

12. Segundo o establecido no artigo 15.4 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a sinatura electrónica:

- a) O uso de sinatura electrónica non permite o tratamento dos datos persoais consignados.
- b) O uso de sinatura electrónica implica a posibilidade de tratar os datos persoais consignados, para os efectos da verificación da sinatura.
- c) O uso de sinatura electrónica implica a posibilidade de tratar os datos persoais consignados para calquera finalidade dentro do procedemento administrativo.

13. Segundo o establecido no artigo 17.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a identificación electrónica:

- a) Na identificación das sedes electrónicas, estas seguirán as disposicións xerais sobre a imaxe institucional da Xunta de Galicia.
- b) Na identificación das sedes electrónicas, estas poderán seguir as disposicións xerais sobre a imaxe institucional da Xunta de Galicia.
- c) Na identificación das sedes electrónicas, estas aplicarán, na medida do posible, as disposicións xerais sobre a imaxe institucional da Xunta de Galicia.

14. Segundo o establecido no artigo 18.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a identificación dos empregados públicos:

- a) Os sistemas de sinatura electrónica facilitados aos empregados públicos pola Xunta de Galicia poderán ser utilizados para o desenvolvemento das funcións propias do seu posto e outros usos.
- b) Os sistemas de sinatura electrónica facilitados aos empregados públicos pola Xunta de Galicia só poderán ser utilizados no desenvolvemento das funcións propias do posto que ocupen.
- c) Os sistemas de sinatura electrónica facilitados aos empregados públicos pola Xunta de Galicia só poderán ser utilizados para relacionarse coas administracións públicas no desempeño da función pública.





## SUBGRUPO C1-TEMA 5-Admon Electrónica-GALEGO

15. Segundo o establecido no artigo 19.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a identificación e autenticación dos cidadáns polo persoal funcionario:

- a) O rexistro dos funcionarios habilitados para a identificación ou autenticación dos cidadáns non se lles poderá facilitar a outras administracións públicas.
- b) O rexistro dos funcionarios habilitados para a identificación ou autenticación dos cidadáns poderá facilitárselles a outras administracións públicas se así o acorda o órgano de dirección.
- c) O rexistro dos funcionarios habilitados para a identificación ou autenticación dos cidadáns poderá facilitárselles a outras administracións públicas mediante un convenio de colaboración.

16. Segundo o establecido no artigo 24.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre as comunicacións electrónicas:

- a) A Xunta de Galicia comunicárase por medios electrónicos cos cidadáns, sempre que así o soliciten ou consintan expresamente.
- b) A Xunta de Galicia poderá establecer nos seus procedementos que se comunicará por medios electrónicos cos cidadáns.
- c) A Xunta de Galicia non se poderá comunicar por medios electrónicos cos cidadáns.

17. Ao abeiro do establecido no artigo 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre as comunicacións electrónicas:

- a) A Xunta de Galicia comunicárase por medios electrónicos con persoas xurídicas e con outros colectivos de persoas físicas.
- b) Este decreto só recolle a posibilidade de que a Xunta de Galicia se comunique obrigatoriamente por medios electrónicos con persoas xurídicas.
- c) Este decreto non recolle a posibilidade de que a Xunta de Galicia amplíe a obriga de comunicarse por medios electrónicos a interesados distintos das persoas xurídicas.

18. Segundo o establecido no artigo 24.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, para que as comunicacións electrónicas sexan válidas deixarán constancia:

- a) Da transmisión e da recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións, e que se identifiquen fidedignamente a persoa remitente e o cidadán destinatario delas.
- b) Da súa data, do contido íntegro das comunicacións, e que se identifiquen o remitente e o cidadán destinatario.
- c) Da recepción, da súa data, do contido íntegro das comunicacións, e que se identifique o remitente.





## SUBGRUPO C1-TEMA 5-Admon Electrónica-GALEGO

19. Segundo o establecido no artigo 24.7 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre as comunicacións electrónicas:

- a) Os cidadáns non poderán modificar a maneira de comunicarse coas entidades incluídas no ámbito de aplicación do presente decreto.
- b) Os cidadáns poderán modificar a maneira de comunicarse coas entidades incluídas no ámbito de aplicación do presente decreto.
- c) Os cidadáns non poderán optar por unha canle distinta da inicialmente elixida na maneira de comunicarse coas entidades incluídas no ámbito de aplicación do presente decreto.

20. Segundo o establecido no artigo 25.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, o sistema de notificación electrónica acreditará:

- a) A data e a hora de posta á disposición e a data e a hora de acceso ao seu contido.
- b) A data e a hora de acceso ao seu contido.
- c) A data e a hora de posta á disposición e a data de acceso ao seu contido.

21. Segundo o establecido no artigo 25.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a notificación electrónica:

- a) A Xunta de Galicia poderán facer uso doutros medios de comunicación.
- b) A Xunta de Galicia non poderá facer uso doutros medios de comunicación.
- c) A Xunta de Galicia poderá facer uso doutros medios de comunicación, sen que esta comunicación substitúa a notificación prevista nas leis.

22. Segundo o establecido no artigo 26.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a práctica da notificación por medios electrónicos:

- a) A notificación electrónica entenderase practicada no momento da posta á disposición da mensaxe electrónica remitida.
- b) A notificación electrónica entenderase practicada no momento en que se acceda á mensaxe electrónica remitida.
- c) A notificación electrónica entenderase practicada no momento en que se acceda, persoalmente pola persoa interesada, á mensaxe electrónica remitida.

23. Segundo o establecido no artigo 26.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a práctica da notificación por medios electrónicos:

- a) A notificación entenderase rexeitada cando transcorran dez días hábiles sen que se acceda ao seu contido, desde a recepción.
- b) A notificación entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, desde a recepción.
- c) A notificación entenderase rexeitada cando transcorran quince días naturais sen que se acceda ao seu contido, desde a recepción.





### **SUBGRUPO C1-TEMA 5-Admon Electrónica-GALEGO**

24. Segundo o establecido no artigo 26.4 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, se a notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos:

- a) A notificación non se practicará por ningún outro medio.
- b) Esperarase a que se solucionen os problemas técnicos existentes, e suspenderase o prazo para a práctica da devandita notificación.
- c) A notificación practicarase por outro medio que deixe constancia da súa recepción.

